




COSTA DE FERROL

Adela Leiro, Mon Daporta
marzo 2019



Distancia: 56 km (lineal) + camiñadas. Pódese facer en varias xornadas.
Dificultade: media



- 1-Enseada da Gándara
- 2-Punta e enseada do Montón. Punta do Cabalo.
- 3-Punta e praia de Caranza
- 4-Enseada de Caranza
- 5-FERROL
- 6-Porto de Curuxeiras
- 7-Enseada da Malata
- 8-Punta da Cabana. Praias Xunqueira e Olmos.
- 9-Enseada da Cabana
- 10-Praia e porto da Graña
- 11-Punta do Bispón
- 12-Praia e porto de San Felipe
- 13-Castelo de San Felipe
- 14-Praia da Caseta. Punta Anclas
- 15-Punta de San Cristovo. Ribeira de San Cristovo.
- 16-Punta das Baterías
- 17-Punta de Fornelos. Praia de Cariño
- 18-Punta Barbeira. Porto exterior
- 19-Cabo Prioriño Pequeno
- 20-Praia Entrepeiro
- 21-Cabo Prioriño Grande
- 22-Praia Plagueiras
- 23-Punta Cal dos Corvos
- 24-Punta Golfín
- 25-Praia Lumbó
- 26-Punta Penencia
- 27-Praia e lagoa de Doniños
- 28-Punta Parede
- 29-Punta e castro de Lobadiz
- 30-Praia e enseada de Lobadiz
- 31-Illas Gabeiras
- 32-Punta Lavadoiro
- 33-Os Guilleiros
- 34-Punta Herbosa
- 35-Illa Herbosa
- 36-Punta San Xurxo
- 37-Praia de San Xurxo
- 38-Praia de Esmelle
- 39-Praia da Fragata
- 40-Praia do Vilar
- 41-Pena Branca
- 42-Enseada de Cela
- 43-Punta de Cela
- 44-Punta Aburrída
- 45-O Petón
- 46-A Cova
- 47-Punta Chanco
- 48-Cabo Prior
- 49-Os Cabalos
- 50-Praia Cabaliño
- 51-Pandeiradoiro
- 52-Punta da Besta
- 53-Praia de Santa Comba
- 54-Punta e illa de Santa Comba. Praia das Fontes
- 55-O Pedrouzo
- 56-Praia de Sartaña
- 57-O Cravadoiro
- 58-Praia de Ponzos
- 59-Rego Marixosa



O concello de Ferrol está situado entre a banda norte da ría de Ferrol e a costa Ártabra. Dous tramos litorais ben distintos o da costa exterior, exposto, no que se alternan saíntes de caídas verticais e seos que acollen areas de gran extensión; e a costa da ría na que podemos distinguir dúas partes: a de fóra, do porto exterior ata San Felipe, que conserva características da costa de mar aberto, litoral exposto cun relevo abrupto e sen abrigos para as embarcacións o que a mantén case despoboada; e de San Felipe á Gandara, resgardada e con grandes seos pouco fondos, na súa maior parte alterada por recheos para servizos e infraestruturas varias, e en grande parte alleada e privatizada. Neste último tramo aséntase Ferrol, cidade marítima sen acceso ao mar, na que a fachada marítima diversa e dinámica que se ve desde a outra banda da ría, chea de peiraos, grúas e tinglados varios, desaparece desde a cidade detrás dos altos valados das instalacións militares, os estaleiros e outras construcións portuarias, ata o punto de que só é posible ver de preto e achegarse ao mar no porto das Curuxeiras e a estación marítima, na enseada de Caranza, que aínda conserva restos da costa orixinal e dos areas, e na Malata, no que queda do esteiro do río da Sardiña.

O relevo é moi irregular e está intensamente fracturado. A maior parte do terreo é de xistos e unha faixa de rochas graníticas esténdese por unha serie de cumes paralelos á costa.

As principais actividades son a industria (en crise polo peche dos estaleiros) e os servizos.

Unha parte da costa exterior está protexida no LIC/ZEC "Costa Ártabra".

Canle de entrada da ría de Ferrol, de 3 km de lonxitude e 500 m de largor, flanqueada por rochas graníticas. O acceso á parte interior da ría estaba protexido polos castelos de San Felipe en Ferrol e A Palma en Mugardos.



Boca da ría de Ferrol, entre a punta Coitelada e o cabo Prioriño



RÍA DE FERROL

Está limitada polo cabo Prioriño no norte e a punta da Coitelada no sur. Acada 17 km de lonxitude e 2 km de largor medio. É unha ría con dúas partes ben definidas: unha canle de entrada estreita coas beiras escarpadas e un interior amplo con varias enseadas. Na parte interior ten unha gran acumulación de sedimentos lamacentos. O río principal que a alimenta é o Grande de Xubia. Tamén desembocan nela o río Belelle e outros regos máis pequenos.

As rochas dominantes son granitos na zona da boca e xistos no interior. É unha ría dunha grande riqueza biolóxica que está densamente poboada e con grande actividade industrial. As vilas máis importantes son Ferrol, Narón, Xubia, Neda, Fene e Mugardos.



PERCORRIDO

Cruzamos a **ponte das Pías** e entramos en Ferrol por **Caranza**, beireamos a enseada, onde podemos parar para ver a praia, e continuamos polas rúas máis preto do mar ata a **dársena das Curuxeiras**. Seguimos pola beira para pasar pola **Malata**. Despois de pasar a Malata chegamos a unha rotonda onde collemos á esquerda para ir á **Cabana**. Sen abandonar a estrada imos da Cabana á **Graña** para ver o porto e a praia e continuamos ata **San Felipe**, onde podemos a localidade, a praia e o castelo. De San Felipe, parando en **San Cristovo**, seguimos ata **Cariño**. De Cariño imos ao Confurco desde onde nos desviamos ao **cabo Prioriño**. Volvemos ao Confurco para seguir ata Penamaior onde nos desviamos para ir á **punta Penencia** desde onde temos panorámicas da costa e da praia e a **lagoa de Doniños**, á volta rodeamos a lagoa de Doniños para chegar ao Outeiro onde están os accesos á praia. Do Outeiro pola Vila da Area, chegamos á **praia de San Xurxo**. Volvemos á Vila da Area para poder pasar ao outro lado da zona pantanosa da trasduna da praia, onde nos desviamos á esquerda para ir á Vila da Igrexa onde collemos o cruce á esquerda que nos leva ás **praias de Esmelle e O Vilar**, e á **Pedreira**, onde nos desviamos á esquerda para subir ao **cabo Prior**. De volta na Pedreira, uns metros adiante do punto no que nos incorporamos á estrada do cabo Prior, collemos un desvío á esquerda que nos leva á **praia de Santa Comba**, ao pé da illa da ermida. Saíndo dereito de Santa Comba chegamos a un cruce de estradas, a da esquerda lévanos ás **praias de Sartaña e Ponzos**. No final da praia de Ponzos desemboca o **rego da Marixosa** que marca o límite do concello.



2-Punta e enseada do Montón.



Punta do Cabalo.



Praia de Caranza



3-Punta de Caranza



1-Enseada da Gándara (entre Ferrol, a dereita) e Narón




4-Enseada de Caranza



5-FERROL

Vista do porto e Arsenal de Ferrol. Ferrol é unha cidade ligada á actividade naval desde o século XV, cando a Coroa mandou construír nela os maiores estaleiros de España. O Arsenal militar de Ferrol, construído no século XVIII ocupa unha grande parte da fachada marítima da cidade.



6-Porto de Curuxeiras

Porto Comercial



7-Enseada da Malata




8-Punta da Cabana ou do Promontorio.
Praia da Xunqueira



9-Enseada da Cabana e praia dos Olmos



10-Praia da Graña



Porto da Graña



A Graña



11-Punta do Bispción



12-Praia e porto de San Felipe



13-Castelo de San Felipe. Comezouse a construír en 1589 por mandato de Felipe II para defender a ría de Ferrol dos corsarios



Os castelos de San Felipe e A Palma na entrada da ría



14-Praia da Caseta



Paseo na punta Anclas



15-Punta de San Cristovo e castelo de San Carlos



Punta Rabo de Porco



16-Punta das Baterías



Ribeira de San Cristovo



Castelo de San Cristovo



Punta das Baterías



Vista desde a punta das Baterías cara a punta de Fornelos



Banda norte da ría de Ferrol desde o cabo Prioriño Pequeno ata o castelo de San Felipe



17-Punta Fornelos



Praia de Cariño



18-Punta Barbeira. Porto exterior



Porto exterior e cabo Prioriño Pequeno



19-Cabo Prioriño Pequeno. O Cabo Prioriño limita a entrada da Ría de Ferrol polo norte. Divídese en dúas puntas o Prioriño Grande e o Pequeno, onde está o antigo faro. A máxima altura acada arredor de 70 m. A costa está formada por cantís graníticos de media altura con pequenas praias.




21-Cabo Prioriño Grande



Cabos Prioriño Pequeno (á esquerda) e Grande (á dereita)



23-25-Puntas Cal dos Corvos e Golfín e praia Lumbó



26-Punta Penencia



27-Praia de Doniños. de 2 km de lonxitude



LAGOA DE DONIÑOS, de forma ovalada, cun largor máximo de 500 m, separada do mar por unha praia e un cordón de dunas fixadas pola vexetación. As augas están lixeiramente salinizadas por filtracións do mar. Está considerada unha zona húmida con importancia nacional polas formacións vexetais acuáticas.



28-Punta da Parede



29-Punta e castro de Lobadiz



30-Praia e enseada de Lobadiz



31-Illas Gabeiras



32-Punta Lavadoiro




33-Os Guilleiros. Ao fondo a punta Herbosa.



34-Punta Herbosa



35-Illa Herbosa



36-Punta San Xurxo




37-Praia de San Xurxo.



Praia de San Xurxo. Ten un campo de dunas de máis de 2 km de lonxitude que en moitos sitios supera os 200 m de ancho con alturas de ata 12 m, e un mar de canaveiras de case 1 km de longo e uns 200 m de amplitude, rodeado de outras especies propias de medios húmidos, que alimenta e mantén a auga que achegan os regueiros do Xuncal, de San Xurxo, do Roxadoiro e de Suagraña que xuntos aínda conseguen atravesar a barreira que o mar lles quere impoñer e verten unha parte do seu caudal no océano. Acolle unha importante flora e fauna con especies pouco comúns, Na praia crían as pillaras papudas, limícolas en perigo de extinción.



38-Praia de Esmelle



Entre a praia de San Xurxo e o cabo Prior hai unha sucesión de areais que se aprecian mellor coa marea baixa: Esmelle, O Vilar, A Fragata ou Porto Vello, coñecidas en conxunto como as praias de Covas.



40-Praia do Vilar ou de Covas




41-Pena Branca



42-Enxada de Cela



43-Punta de Cela



47-Punta Chanco

48-Cabo Prior. Forma unha península entre as praias de Santa Comba e San Xurxo. Está formado por rochas graníticas erosionadas en grandes bolos. Por todo o cabo hai restos de baterías militares. No século XIII houbo un centro baleeiro moi importante.



Faro do Cabo Prior, situado a 107 m sobre o nivel do mar, cun alcance de 22 millas mariñas




49-Os Cabalos



52-Punta da Besta



53-Praia de Santa Comba. De case 1 km de lonxitude. Nas súas areas hai partículas de magnetita (de cor negra). Conserva un bo sistema dunar.



Praia das Fontes e illa de Santa Comba

54-Punta e illa de Santa Comba

Á illa de Santa Comba pódese acceder coa marea baixa. Conta a tradición que houbo un naufraxio e que os mariñeiros salváronse de morrer afogados grazas a que a Virxe lles ofreceu unha barca de pedra, que segundo os paisanos, consérvase nas costas da illa. Hai unha capela do século XI en honor a Santa Comba.



56-Praia de Sartaña




55-O Pedrouzo



Praia de Ponzos e O Pedrouzo




57-O Cravadoiro



58-Praia de Ponzos. De 1400 m de lonxitude. Conserva un bo sistema dunar. Nesta praia estivo instalado o lavadoiro das antigas explotacións mineiras que poden ser de orixe romana e foron explotadas a finais do século XIX e comezos do XX. En 2009 descubriuse un bosque fósil que data de hai 5.6000 e que quedou enterrado polo avance das dunas. Só se pode ver en anos de moito temporal cando o mar arrastra a area da praia.



Restos das explotacións mineiras na praia de Ponzos



59-Rego Marixosa

LIC "COSTA ÁRTABRA"

O espazo protexido abrangue 7.659 ha, desde a Enseada de Areosa, en Ares, ata Mugardos, incluíndo o espazo marítimo próximo, e a costa desde o cabo Poriño ata o cabo Ortegá, agás a área urbana de Cedeira, áreas interiores da Serra da Capelada e o curso alto do río Seixo de Landoi; en terreos dos concellos de Cedeira, Valdoviño, Ferrol, Narón, Mugardos e Ares. Inclúe a Lagoa e areal de Valdoviño protexida como Zona Húmida de Importancia Internacional (RAMSAR). Unha grande parte está protexida na ZEPA (Zona de Especial Protección para as Aves "Costa Ferrol-Valdoviño").

Ten un gran interese xeolóxico, paisaxístico botánico e faunístico. Inclúe ecosistemas mariños, cantís, praias e sistemas dunares, illas e illotes, lagoas e marismas, montes e brañas.



Antirrhinum majus, unha planta que só se atopa nas praias desta zona e está en perigo de extinción.